

BASES
XIV CONCURSO DE POESÍA
“CONCELLO DE CARRAL”

- 1.-** Poderán optar ao premio todos os autores/as maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Non poden participar anteriores gañadores/as deste concurso.
- 2.-** Fíxase un premio único de **2.000 euros**. O xurado pode declarar deserto o premio. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.
- 3.-** Os traballos serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado (os autores dos traballos premiados deberán comunicarllo de xeito inmediato á organización), e cunha extensión non inferior aos 400 versos. Os traballos presentaranse por triplicado, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, e debidamente grampados ou encadernados; achegados de sobre pechado no que conste no seu exterior o título da obra e o lema ou alcume do autor, contendo no interior o seu nome e apelidos, NIF, enderezo, número de teléfono e correo electrónico.
- 4.-** As obras presentaranse na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, Rúa de Paleo, 17, 15175, Carral, A Coruña).
- 5.-** O prazo de admisión de orixinais rematará o **31 de marzo de 2011**.
- 6.-** As deliberacións do xurado son secretas, e delas estenderase a acta correspondente. A decisión do xurado farase pública na segunda quincena do mes de abril.
- 7.-** O xurado estará presidido polo Alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira no que delegue, e formarán parte do mesmo persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso; e actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral.
- 8.-** O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor/a daranse a coñecer mediante comunicación persoal (chamada telefónica) ao autor/a premiado/a, na web municipal www.concellocarral.com, así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (Rúa de Paleo 17, Carral).
- 9.-** Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán ante o Rexistro municipal de Carral, serán valoradas polo xurado.
- 10.-** O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora.
- 11.-** As obras non premiadas poderán ser retiradas polos seus autores ou polas persoas nas que deleguen, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao fallo do xurado. Non se devolverán traballos por correo nin por empresas de mensaxes. As obras que non sexan retiradas no prazo indicado, destruíranse.
- 12.-** Corresponde ao xurado a interpretación das presentes bases.
- 13.-** A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das presentes bases.



**Concello de
CARRAL**